

## RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA QUE MODIFICA A DO 26.03.2026 QUE AUTORIZA A EXTRACCIÓN DE PERCEBE EN BANCOS DO ÁMBITO DO PLAN DE XESTIÓN DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXÍA DURANTE O MES DE ABRIL

---

### ANTECEDENTES

1. O 17.03.2026, ás 13:45 horas, a confraría de pescadores de Muxía solicita autorización para a extracción de percebe en bancos do ámbito do seu plan de xestión durante o mes de abril de 2026.
2. O 26.03.2026 este departamento territorial emite resolución de apertura autorizando a extracción de percebe en bancos do ámbito do plan de xestión da confraría de pescadores de Muxía durante o mes de abril.
3. O 27.03.2026, ás 10:42 horas, a Confraría de Pescadores de Muxía solicita unha modificación da resolución de apertura, na que pide engadir os días 2 e 3 de abril (festivos nacionais), tras achegar o certificado que acredita que a lonxa permaneceu aberta nas devanditas xornadas.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Tense en conta a seguinte normativa:
  - O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
  - O Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.
  - A Orde do 19 de decembro de 2024, pola cal se aproban os plans de xestión de recursos específicos e de algas en Galicia para o trienio 2025-2027.
2. Recíbense os seguintes informes:
  - Informe da bióloga de zona do 25.03.2026 e do 30.03.2026
  - Informe favorable do INTECMAR (Instituto tecnolóxico para o control do medio mariño) do 24.03.2026

Este departamento territorial é o órgano competente para resolver segundo o artigo 20.1 do Decreto 153/2019 do 21 de novembro.





Tendo en conta todo o anterior **RESOLVO**:

**Modificar** a resolución de apertura que autoriza a extracción de percebe nos bancos do ámbito do plan de xestión da confraría de pescadores de Muxía segundo se recolle a continuación.

**Datas:**

- 1, 2\*, 3\*, 14, 15, 16, 17, 20, 21, 22, 28, 29 e 30 de abril de 2026.

\*O 2 e 3 de abril son festivos de Semana Santa. No Plan de xestión contemplan actividade extractiva en festivos de Semana Santa co cal **pódese autorizar**.

**A autorización destes dous novos días poderá supoñer a redución do esforzo nos vindeiros meses.**

O resto de condicións mantéñense sen variacións con relación a resolución de apertura do día 26.03.2026 e son de obrigado cumprimento.

As solicitudes de apertura, así como calquera outro asunto relativo á resolución de apertura (modificacións das zonas de extracción ou datas, anulacións, etc), enviaranse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante presentación electrónica.

Contra esta resolución que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería do Mar no prazo dun mes contado dende o día seguinte á notificación ou publicación desta resolución, segundo dispón a Lei 39/2015, do 1 de outubro, nos seus artigos 30, 121 e 122 (sección 2ª do capítulo II).

Mediante este documento notifícaselle á confraría de pescadores de Muxía esta resolución, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A directora territorial  
P.A. (Resolución do 13 de maio de 2024)  
O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro  
Miguel Gómez Losada  
(asinado dixitalmente)

